



# PROGRAMA "CONDUCE FERROL"

Ano: 2015



## Concellería de Igualdade e Xuventude

### Programa "CONDUCE FERROL" Ano 2015.

#### BASES REGULADORAS

**Primeira.- OBXECTO.** A finalidade das presentes bases consiste na regulación do acceso ás axudas para a obtención do permiso de conducir, clase B, por parte das/dos xoves empadroados no Concello de Ferrol, para os efectos de mellorar as súas expectativas de traballo e a súa mobilidade, ase como sensibilizar e fomentar unha conducción segura e responsable entre a xuventude.

**Segunda.- BENEFICIARIAS/OS DESTE PROGRAMA E REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR.-** Poderán ser beneficiarias/os deste programa os que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOGA N° 121, do 25 de xullo de 2007).

Ademais dos contidos no referido artigo, deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadada/o no Concello de Ferrol, con 1 ano de antigüidade, a lo menos.
- b) Ter entre 18 e 30 anos de idade, cumpridos na data do remate do prazo de presentación de solicitudes.
- c) Acreditar un nivel de ingresos económicos netos anuais da unidade familiar non inferior a 1,21 veces ao IPREM, nin superior a 2,5 veces ao IPREM establecido para o ano 2015, incluíndo as pagas extras e incrementano nun 15% por cada novo membro. Só se terán en conta as matrículas realizadas dende a data de inicio de presentación de solicitudes.

Para 2,5 veces IMPREN	1 membro	1.331,27 €
	2 membros	1.530,96
	3 membros	1.760,60 €
	4 membros	2.024,64 €



**Terceira.- ORZAMENTO.** Para facer fronte ao gasto destas achegas existe crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 04102-3342-48000. O gasto total do programa ascende á cantidade de 10.000,00 €.

**Cuarta.- SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-** As mozas/os que desexen ser beneficiarias/os desta achega e reúnan os requisitos esixidos na Base segunda, deberán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral, en modelo que aparece como Anexo I ás presentes bases.

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento, no que conste o dato da antigüidade mínima dun ano.
- Fotocopia compulsada do NIF.
- Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2014 da/o solicitante e/ou dos demais membros da unidade familiar.
- Declaración xurada de estar ao corrente coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.
- Certificado da entidade bancaria de acreditación da titularidade da conta correspondente.

Prazo de presentación de solicitudes: o prazo de presentación de solicitudes comezará o día 2 de marzo e rematará o día 31 de xullo de 2015.

**Quinta.- SUBSANACIÓN DE SOLICITUDES.-** As/os interesadas/os que presenten a súa solicitude de xeito incorrecto ou incompleto, disporán de 10 días, contados a partir do día seguinte o da recepción da notificación, para os efectos de enmenda da mesma.

No caso de que non se procedera á subsanación da solicitude no prazo referido, a/o interesada/o quedará automaticamente excluída/o desta convocatoria.

**Sexta.- CONTÍA DA ACHEGA.-** A contía de cada achega ascenderá a un importe de 200,00 €, sempre e cando este importe non supere o custo derivado da obtención do permiso de conducir, obxecto deste programa.

**Sétima.- NÚMERO MÁXIMO DE BENEFICIARIOS DA ACHEGA.** O número máximo de beneficiarios da achega será de 50.

Para os efectos de que por calquera motivo se produxera unha renuncia por parte dalgunha/o beneficiaria/o, confeccionarase unha lista de agarda, cas solicitantes/as que quedando fora da percepción da axuda reúnan todos os requisitos esixidos na presente convocatoria.

A renuncia presentarase en formulario que aparece como Anexo II das presentes bases.



#### Oitava.- BAREMO DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES.

Ingresos unidade familiar	1,21 veces o IPREM	4 PUNTOS
Idem	Entre máis de 1,21 e 2 veces o IPREM	3 PUNTOS
Idem	Entre 2 e 2,5 veces o IPREM	2 PUNTOS
Idem	Se a persoa solicitante ten un contrato laboral	3 PUNTOS

No caso de producirse un empate na puntuación obtida, terá preferencia a/o interesada/o que presentara a súa solicitude antes, segundo o extracto do Rexistro Xeral.

**Novena.- RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.** O procedemento de estudio, baremación e proposta de resolución de concesión das solicitudes levarase a cabo no negociado de Igualdade e Xuventude.

Unha vez avaliadas as solicitudes admitidas a trámite, publicarase un listado provisional de beneficiarias/os desta achega, no que figurará o importe concedido e a puntuación acadada.

Dende o día seguinte ao da exposición do dito listado, as/os interesadas/os disporán dun prazo de 10 días naturais, para os efectos de posibles reclamacións. Unha vez resoltas éstas, procédese á publicación da proposta de resolución definitiva de beneficiarias/os da achega, nos mesmos lugares que o listado provisional.

**Décima.- OBRIGAS DAS/OS BENEFICIARIAS/OS.** As/os beneficiarios da achega, quedan obrigados a:

1. A realizar a matrícula para a obtención do permiso de conducir, clase B, antes do 31 de xullo de 2015, nunha autoescola que preste os seus servizos no termo municipal de Ferrol.
2. As/os interesadas que realicen estudos universitarios fora do termo municipal e dentro da comunidade autónoma de Galicia, poderán realizar a matrícula no municipio donde cursen estudos, sempre que estean empadroadas/os en Ferrol.
3. A facilitar calquera ampliación de información que se lles sexa requerida polo órgano instructor do expediente e relacionada co procedemento do mesmo.
4. Acreditar a realización dun curso de seguridade viaria ou ben comprometerse a realizar un que programe o Concello de Ferrol. Para estes efectos debéra achegar declaración xurada de adquisición deste compromiso.



**Undécima.- PAGAMENTO DA ACHEGA.** Para proceder ao pagamento e percepción da achega concedida, a/o beneficiaria/o deberá presentar no Rexistro Xeral acreditación de ter superadas as probas para a obtención do permiso de conducir, clase B, ou ben o carnet de conducir, antes do 30 de novembro de 2015.

Deberá achegar tamen factura da autoescola donde se matriculou.

Se a documentación fose correcta, realizaranse os trámites oportunos para proceder ao ingreso na conta bancaria sinalada para estes efectos.

No suposto de non acreditarse o sinalado anteriormente na data indicada, perderase o dereito a achega.

Ferrol, 19 de febreiro de 2015,  
A concelleira de Igualdade e Xuventude,

Verónica Casal Míguez,